

## **FINAL GALEGA NADA E CORRE 2018**

Ao igual que en tempadas anteriores a Federación organizará un xantar coa celebración da Final Galega, o próximo domingo, 29 de abril, en Ourense, para todos aqueles que desexen participar.

Ao antedito xantar poderán acceder tanto deportistas coma técnicos e acompañantes.

- **RESERVA DE PRAZAS** da comida: **ata o martes 24 de abril** (Fin de inscrición).

### **PAGAMENTOS**

- **Participantes inscritos +1 técnico** de cada club (aboarán **3 euros por persoa** -a diferenza será aboada pola FEGATRI-)

- O abono farase na proba (será indicado alí mesmo o momento de facelo). Entregaranse os tickets correspondentes.
- Aqueles que desexen **factura deben indicalo no momento de anotarse** para facer a reserva.

- **Acompañantes** - aboarán o menú completo, **6 euros por persoa**, directamente na caixa do propio autoservizo.

### **OUTRA INFORMACIÓN:**

O xantar será no Comedor do edificio da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, a 500m. das instalación deportivas da Universidade, onde se desenvolverá a carreira.

#### **Horario de comedor:**

13:00h a 15:30h

Quendas.- O comedor ten capacidade para 120 persoas polo que o acceso durante este período de tempo será aberto de cara a repartir o total de participantes en diferentes quendas segundo vaian rematando a natación.

#### **Menú:**

1º Ensalada de Pasta

2º Milanesea con patacas

Postre: Froita/iogur/xeado

Bebida incluída: Auga. Hai dispoñibles outras bebidas que se pagarían directamente na caixa

Para calquera dúbida ou aclaración podedes poñervos en contacto coa Federación.